

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 28/05/2026(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

SECRETARIA

DONA MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

D. JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 28/05/2026, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 30 de abril de 2026.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de abril de 2026.

3. Toma de coñecemento da liquidación do orzamento municipal do Concello e da FPSDM, correspondente ao exercicio 2025, así como do informe de cumprimento das regras fiscais do exercicio 2025.

4. Toma de coñecemento do Plan Anual de control financeiro para o exercicio 2025 e do Plan anual de control financeiro de subvencións 2025.

5. Aprobación, se procede, do expediente de cambio de finalidade de préstamo 01/CF/2026 e modificación de crédito por crédito extraordinario 01/CE/2026 e suplemento de crédito 01/SC/2026 por importe global de 942.423,66€.

6. Aprobación, se procede, da modificación puntual da RPT, comprensiva da valoración da nocturnidade nos factores do complemento específico (Policía Local e Emerxencias), así como da modificación do acordo marco e regulamento da Policía Local. Así mesmo a aprobación dos criterios relativos á oferta de emprego público 2026 (prazas máximas a convocar).

7. Aprobación, se procede, do teito de gasto non financeiro para o exercicio 2026, o orzamento municipal do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio 2026, bases de execución, anexo de investimentos e operación de crédito que o financia, cadro de persoal (plantilla) e RPT.

8. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal EU, para a promoción da redución das bombas de palenque nas festas e celebracións no Concello de Vilagarcía de Arousa

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para o acondicionamento urxente do patio da escola infantil municipal

11. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

13. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

14. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.

15. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.

16. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais Dona Elsa Pérez Fernández e D. Alberto Fandiño Mariño utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 30 DE ABRIL DE 2026.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21) a acta da sesión anterior de data 30 de abril de 2026.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260528&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE ABRIL DE 2026: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA:

- 1 Inscripción Asociación en Rexistro Municipal
- 1 Pago multa tráfico
- 1 Ampliación prazo execución obra "Recuperación fachada marítima O Ramal"
- 1 Aprobación Plan deseguridade e saúde de obra
- 1 Autorización cambio vehículo taxi.
- 1 Designación letrados interposición recurso contencioso-administrativo
- 1 Renovación carné conductor taxi
- 1 Pago taxa publicación BOP
- 1 Aprobación liquidación orzamento municipal ano 2025
- 2 Expediente transferencia de crédito
- 2 Incorporación de remanentes
- 2 Expediente modificación de crédito
- 1 Levantamiento reparo facturas
- 2 Proxecto gasto para realización obras
- 1 Incoación expediente sancionador por presunta infracción da Lei de Augas
- 13 Primeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 8 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 1 Resolución sancionadora expediente de tráfico
- 1 Desestimatorio devolución taxa primeira ocupación
- 1 Desestimatorio recurso reposición solicitude devolución taxa licenza urbanística e ICIO
- 1 Desestimatorio recurso exoneración deuda
- 1 Estimatorio devolución pago duplicado
- 1 Aprobación padrón auga
- 3 Nomeamento funcionario
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 2 Execución sentenza aboamento nocturnidade
- 1 Expediente sancionador (Cristóbal Barros)
- 1 Bases bolsa operarios/conserxes
- 1 Bases selección alumnos/as obradoiro de emprego Forme 2026
- 2 Bases selección persoal directivo e docente obradoiro Forme 2026
- 5 Substitución posto categoría superior

- 1 Adxudicación contrato menor asistencia letrado
- 1 Aprobación memoria valorada. Acondicionamento rúa
- 1 Licenza animais potencialmente perigosos
- 1 Renovación licenza animais potencialmente perigosos
- 1 Facturación EIM abril 2026
- 92 Estimación/Desestimación beneficios fiscais IVTM
- 2 Estimatoria liquidacións e baixas
- 1 Estimatoria/desestimatoria taxas e prezos públicos
- 1 Desestimatoria aprazamento ICIO
- 2 Estimatorio/desestimatorio IIVTNU
- 5 Estimatorio compensación de débedas
- 1 Estimatorio bonificación IBI
- 1 Estimatorio fraccionamento débeda
- 1 Liquidación taxas servicios especiais
- 1 Estimatorio abonos estacionamento parking Xoan XXIII
- 1 Estimatorio liquidación licencia autotaxi
- 1 Aprobación Padrón fiscal prezo público. Servizo axuda no fogar
- 1 Aprobación Padrón fiscal taxa mercados
- 1 Aprobación Padrón fiscal de IVTM
- 62 Orde de pago
- 9 Comisións bancarias
- 1 Pago préstamo
- 1 Emisión tarxeta tamis
- 1 Aprobación liquidación provisional retencións IRPF-2023
- 1 Aprobación sanción AEAT
- 4 Licencias primeira ocupación
- 43 Comunicación previa obras menores
- 43 Licencia obras menores
- 1 Declaración ineficacia comunicación previa obras menores
- 1 Recurso reposición ineficacia comunicación previa
- 20 Licenza obras maiores
- 5 Ccomunicación apertura establecemento
- 2 Instalación terraza establecemento
- 1 Corrección erro licenza terraza
- 1 Renuncia licenza terraza
- 15 Deber de conservación
- 8 Reposición da legalidade urbanística
- 4 Sancionador actividades
- 1 Denegación prórroga licencia

TOTAL: 402

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260528&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO E DA FPSDM, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2025, ASÍ COMO DO INFORME DE CUMPRIMENTO DAS REGRAS FISCAIS DO EXERCICIO 2025.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de maio de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, do seguinte teor:

Vistos os estados de liquidación de ingresos e gastos correspondentes ao exercicio 2025 do Concello de Vilagarcía de Arousa e do Organismo Autónomo Fundación Pública de Servizos

Deportivos Municipais.

Visto o informe da Intervención municipal referido á liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2025 (ref JFC/399/2026).

Visto o expediente DEPORT/2026/000178 relativo á liquidación do orzamento 2025 da Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa.

En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de réxime local, e en particular os artigos 191.3 e 192 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e 90.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/88, do 28 de decembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do orzamento municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa correspondente ao exercicio económico de 2025 seguinte:

RESULTADO ORZAMENTARIO CONCELLO:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS			
a	Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras		38.730.890,10
	1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	37.302.644,16	
	2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital(Cap. VI e VII)	1.428.245,94	
b	Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros		112.968,00
c	Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros		0,00
	Total dereitos recoñecidos		38.843.858,10
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS			
a	Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras		37.828.600,32
	1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	34.043.747,65	
	2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	3.784.852,67	
b	Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros		112.968,00
c	Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros		2.212.942,79
	Total obrigas recoñecidas		40.154.511,11
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES			-1.310.653,01
(+ Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais			3.560.826,69
(+ Desviacións de financiamento negativas do exercicio			3.439.766,47
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio			2.617.915,92
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO			3.072.024,23

REMANENTE DE TESOURERÍA CONCELLO:

1	Fondos líquidos		15.890.875,86
2	Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)		13.379.331,64
a	Do orzamento corrente	2.706.366,86	
b	De orzamentos pechado	12.752.505,25	
c	De operacións non orzamentarias	26.126,31	
d	Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	2.105.666,78	
3	Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)		5.113.626,25
	Do orzamento corrente	3.178.201,55	
	De orzamentos pechado	81.265,69	
	De operacións non orzamentarias	1.880.940,48	
	pagos pendentes de aplicación definitiva	26.781,47	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL			24.156.581,25
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO			9.519.800,92

III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO		10.827.912,26
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		3.808.868,07
V. SALDO DE OBRIGAS PDTE.APLICAR		229.132,24
VI. SALDO OBRIGAS POR DII		17.017,88
VII RLTGX AXUSTADO (IV-V-VI)		3.562.717,95

SEGUNDO: Aprobar a liquidación dos orzamentos municipais do Organismo Autónomo Fundación Pública de Servizos deportivos municipais, correspondentes ao exercicio económico de 2025, proposta e aprobada polo seu Presidente:

RESULTADO ORZAMENTARIO FPSDM:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS		
a Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras		1.344.574,14
1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	1.344.574,14	
2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	0,00	
b Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros		0,00
c Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros		0,00
Total dereitos recoñecidos		1.344.574,14
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS		
a Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras		1.281.875,07
1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	1.281.875,07	
2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	0,00	
b Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros		0,00
c Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros		0,00
Total obrigas recoñecidas		1.281.875,07
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES		62.699,07
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais		0
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio		0
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio		0
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO		62.699,07

REMANENTE DE TESOURERÍA FPSDM:

1 Fondos líquidos		90.373,52
2 Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)		50.723,38
a Do orzamento corrente	27.937,90	
b De orzamentos pechado	22.829,04	
c De operacións non orzamentarias	0,00	
d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	43,56	
3 Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)		49.190,20
Do orzamento corrente	36.993,30	
De orzamentos pechado	2.847,89	
De operacións non orzamentarias	12.849,01	
pagos pendentes de aplicación definitiva	3.500,00	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		91.906,70
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		22.423,70
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO		0,00
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		69.483,00

V. SALDO DE OBRIGAS PDTE.APLICAR	64.769,88
VI. SALDO OBRIGAS POR DII	0,00
VII RLTGX AXUSTADO (IV-V-VI)	4.713,12

TERCEIRO: Que se de conta da presente resolución ao Concello Pleno na primeira sesión que se celebre.

O mando e asino en Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE

Dáse conta así mesmo dos informes da Intervención Municipal sobre a liquidación, así como de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda na liquidación do exercicio 2025.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260528&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA O EXERCICIO 2025 E DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCÍONS 2025.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de maio de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal do Plan Anual de control financeiro para 2025, elaborado pola Intervención Municipal:

PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA 2025

1. INTRODUCCION

A función de control interno da xestión económico-financeira e orzamentaria do sector público local exerceuse pola Intervención Xeral Municipal, con plena autonomía respecto dos órganos, entidades e cargos directivos cuxa xestión controle.

A función de control interno na súa modalidade de control financeiro, atópase regulada, basicamente, nas seguintes normas:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) (artigos 92 bis.1 b) e 136), coas modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. O artigo 136 da LRBRL dispón:

“1. A función pública de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia, corresponderá a un órgano administrativo, coa denominación de Intervención xeral municipal.

2. A Intervención xeral municipal exercerá as súas funcións con plena autonomía respecto dos órganos e entidades municipais e cargos directivos cuxa xestión fiscalice, tendo completo acceso á contabilidade e a cuantos documentos sexan necesarios para o exercicio das súas funcións”

- O Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), nos artigos 213, 220 e 221.
- O Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (RCI), que ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario do artigo 213 do TRLRHL.
- De aplicación directa, por remisión do artigo 3.5 do RCI, a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), que regula o control financeiro de subvencións

no Título III, así como a Disposición adicional décimo cuarta.

O artigo 31 do RCI indica que o órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financeiro que recollerá as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio, concretando as actuacións para realizar e identificando o alcance obxectivo, subxectivo e temporal de cada unha delas. O Plan Anual de Control Financeiro incluírá todas aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obrigação legal e as que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

En cumprimento do devandito precepto legal, elabórase o presente Plan Anual de Control Financeiro para 2025 para o Concello de Vilagarcía de Arousa, que fixa o marco das actuacións de control financeiro que a Intervención Xeral vai levar a cabo durante o devandito exercicio, sen prexuízo das modificacións que procedan ao longo do mesmo, tendo en conta así mesmo o pouco tempo no posto do funcionario asinante deste Plan o que imposibilita unha análise de riscos en detalle e cunha perspectiva ampla, análise que será posible con mais tempo e medios para o desenrolo desta labor legalmente prevista.

II. MODALIDADES DE CONTROL QUE INCLÚE O PLAN E ALCANCE OBXECTIVO, SUBXECTIVO E TEMPORAL

II.1 Modalidades

O artigo 29.1 do RCI sinala que “O control financeiro da actividade económico-financeira do sector público local exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública. Ambas as modalidades incluírán o control de eficacia...”

A) Control financeiro permanente

Neste Plan inclúense actuacións que se encadran no control financeiro permanente. Respecto dos beneficiarios e os servizos xestores das subvencións, elabórase especificamente un Plan de auditoría e actuacións de control financeiro de subvencións e axudas públicas para 2025. Con todo, inclúense neste Plan aquelas actuacións de control financeiro permanente referidas no subepígrafe III.2.1.1. Control financeiro permanente de subvencións.

O artigo 29.2 do RCI indica que o exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente Plan Anual de Control Financeiro, como as actuacións que sexan atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor.

Respecto das actuacións atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, serán, en todo caso, as enumeradas no artigo 4.1 b) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional. Ditas actuacións e todas as demais previstas noutras normas non forman parte deste Plan, tal como dedúcese do disposto no artigo 29.2 e 31.2 do RCI, pero si se relacionarán no Informe resumen dos resultados de control interno a que se refire o artigo 37 do RCI.

B) Auditoría Pública

O RCI, no apartado 3 do artigo 29, define a auditoría pública como a verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económico-financeira do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións que dite a Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE).

Conforme ao establecido no artigo 29.3 do RCI, a auditoría pública engloba as seguintes modalidades:

a) Auditoría de contas, que conforme ao artigo 29.3 A) a) do RCI, deberá realizarse con respecto aos organismos autónomos locais.

b) Auditoría de cumprimento e operativa, que levará a cabo nas entidades do sector público local non sometidas a control permanente. Non existen no Concello de Vilagarcía de Arousa, cando menos coñecidas por este Interventor que se ten incorporado recentemente ao Concello (estase recadando información sobre Fundacións Públicas que semellan vinculadas a este Concello, xa que figuran na plataforma Autoriza do Ministerio de Facenda: Fundación FEXDEGA 11-00-034-HH-000 e Fundación Monte-Castrove 11-00-012-HH-000).

II.2. Alcance obxectivo

O Plan persegue os obxectivos xenéricos do control financeiro. Segundo o artigo 3.3 do RCI: “O control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos do sector público local no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que 3 os rexen e, en xeral, que a súa xestión axústase aos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos atópase orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais”.

Doutra banda, persegue os propios do control financeiro permanente: comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financeira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental (artigo 29.2 do RCI).

E con independencia do ámbito obxectivo de cada actuación, que se especificará en cada unha, coas actuacións do presente Plan preténdese coadxuvar á consecución das finalidades complementarias seguintes:

1ª.- Aproveitar os resultados para a mellora da xestión orzamentaria, contable e financeira, elaborando os indicadores que se determinen.

2ª.- Servir de axuda aos fins da Concellería de Facenda, relativas ao seguimento da xestión dos entes auditados e ás funcións de control financeiro e de fiscalización que corresponden á Intervención Xeral Municipal.

3ª.- Garantir a transparencia da xestión económico-financeira da Administración municipal.

II.3. Alcance subxectivo

Segundo o artigo 29.2 do RCI “o control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora”.

Por tanto, o control financeiro permanente previsto no Plan exercerase sobre o propio Concello de Vilagarcía de Arousa e a Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais, que son os órganos que compoñen o sector público local do Concello de Vilagarcía de Arousa.

En canto á auditoría pública, segundo o artigo 29.3 A) a) do RCI, a auditoría de contas, sería de aplicación unicamente ao organismo autónomo Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais.

Polo que respecta á auditoría de cumprimento e á auditoría operativa, realizaranse “nas entidades sector público local non sometidas a control permanente”. Non existen ditas entidades dependentes do Concello, polo que non procede o seu exercicio, a espera do resultado das solicitudes de información sobre a Fundación FEXDEGA (11-00-034-HH-000) e a Fundación Monte-Castrove (11-00-012-HH-000) que se están a realizar por esta Intervención.

Cadro resumo das modalidades e do alcance subxectivo:

Ámbito subxectivo	Función Interventora	Control Financeiro			
		Control permanente	Auditoría Pública		
			De contas	De cumprimento	Operativa
Concello de Vilagarcía de Arousa	Si	Si	Non	Non	Non
Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais	Si	Si	Si	Non	Non

II.4. Alcance temporal

En canto ao alcance temporal, o presente Plan Anual de Control Financeiro recolle as actuacións de control permanente a realizar durante o exercicio 2025, e estenderá a súa análise aos exercicios que se indican en cada unha das actuacións.

III. ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO PERMANENTE

III.1 ACTUACIÓNS DERIVADAS DUNHA OBRIGACIÓN LEGAL

1. Informe sobre o cumprimento da normativa en materia de morosidade

O artigo 12.2 da Lei 25/2013 esixe que “Anualmente, o órgano de control interno elaborará un informe no que avaliará o cumprimento da normativa en materia de morosidade. No caso das Entidades Locais, este informe será elevado ao Pleno”.

2. Auditoría dos Rexistros contables de facturas

Inclúese no Plan a auditoría de sistemas anual imposta polo artigo 12.3 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, para verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren

coas condicións de funcionamento previstas na Lei e a súa normativa de desenvolvemento.

Os obxectivos e alcance son os previstos na Lei, que se detallan na “Guía para as auditorías dos Rexistros Contables de Facturas previstas no artigo 12 da Lei 25/2013. Versión 2”, da IGAE. A execución levará a efecto polos procedementos de execución previstos na devandita Guía.

A auditoría realizarase sobre as facturas rexistradas ou que debesen rexistrarse en 2024.

3. Auditoría de contas da Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais

En canto á auditoría pública, segundo o artigo 29.3 A) a) do RCI, a auditoría de contas, sería de aplicación unicamente ao organismo autónomo, Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais.

Segundo o artigo 29.3 A) do RCI a auditoría de contas ten por obxecto a verificación relativa a se as contas anuais representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso, a execución do orzamento de acordo con as normas e principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión axeitada.

III.2. ACTUACIÓNS SELECCIONADAS SOBRE A BASE DUNHA ANÁLISE DE RISCOS

(como xa se ten indicado, a análise de riscos está condicionada polo pouco tempo deste Interventor no posto, e polos limitados medios cos que conta para exercer o traballo)

Inclúense as seguintes actuacións para a súa realización no exercicio 2025:

III.2.1. EN RELACIÓN COS GASTOS DO ORZAMENTO XERAL

1. Control financeiro permanente de subvencións

O control financeiro sobre os beneficiarios e os servizos xestores de subvencións recóllese de forma específica no Plan de auditoría e actuacións de control financeiro de subvencións e axudas públicas elaborado en documento específico para esta finalidade.

Ademais, realizarase o control financeiro permanente, a priori, sobre o cumprimento de legalidade de todas as propostas de resolución de modificación do Título V das Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa que contén os procedementos para concesión das axudas e subvencións, así coma as propostas de aprobación ou modificación das bases reguladoras para a concesión de subvencións que se tramiten durante o exercicio 2025, ao igual que as propostas de resolución de aprobación ou modificación dos plans estratéxicos de subvencións.

Para cada proposta de resolución emitirase un informe individualizado e de carácter definitivo.

2. Control da aplicación e destino das dotacións aos grupos políticos municipais, previstos en artigo 73.3 da LRBRL

Pola Intervención emitirase un informe xeral cuxo obxectivo será analizar no seu conxunto se as dotacións aos grupos políticos municipais axústanse ás disposicións legais ou regulamentarias a que están suxeitas.

Comprobarase especialmente, a adecuación á normativa en canto á súa cuantificación, asignación, pago, rendición de contas, control e transparencia; e así mesmo, o grao de cumprimento polos grupos municipais da normativa aplicable ás devanditas dotacións.

Ademais, verificarase o estado de tramitación dos expedientes de reintegro se houberse lugar a eles, así como o cumprimento por parte dos Grupos Municipais das obrigacións respecto da contabilidade específica en relación coa rendición de contas e o seu control.

Á vista dos Informes de Intervención propoñeranse ao Pleno aquelas medidas que permitan corrixir as deficiencias observadas.

III.2.2. EN RELACIÓN COS INGRESOS DO ORZAMENTO XERAL

1. Control financeiro permanente de ingresos.

Terá por obxecto o control en termos globais dos saldos resultantes da xestión tributaria e recadatoria do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) correspondente ao exercicio 2024, tanto de natureza rústica, como urbana, como de características especiais. Sendo os obxectivos do control:

- Análise cuantitativa do proceso de xestión do padrón tributario do Imposto e as súas posibles modificacións ao longo do exercicio.
- Análise cuantitativa dos resultados da recadación do tributo en período voluntario de cobranza.
- Análise cuantitativa do inicio do período executivo dos dereitos pendentes de cobranza

- unha vez finalizado o período voluntario.
- Análise cuantitativa dos dereitos pendentes de cobranza que, ao finalizar o período voluntario, atópanse en situación distinta da de xestión de cobranza (aprazamentos, fraccionamentos, suspensións e outras causas).
- Comprobación da coincidencia das anteriores magnitudes globais cos asentos reflectidos na contabilidade orzamentaria.

III.2.3. OUTROS CONTROIS

1. Control en materia de persoal. Revisión das cotizacións realizadas á Seguridade Social no ano 2024 e das horas extraordinarias realizadas polo persoal municipal e do OOAA durante o ano 2024.

O control terá por obxecto comprobar a correcta cuantificación das bases de cotización dos empregados municipais, tanto do Concello como da Fundación de Deportes durante o ano 2024, así como das cotizacións efectuadas, sendo a revisión das horas e servizos realizados fora da xornada ordinaria consistente en verificar a corrección destas en canto a normativa e límites aplicables.

2. Fiscalización plena posterior dos contratos sometidos a fiscalización limitada.

Terá por obxectivo analizar o procedemento de contratación e comprobar o cumprimento da normativa xeral que resulte de aplicación, así como das normas e instrucións de carácter interno vixentes en relación coa execución, extinción, recepción e liquidación dos contratos.

Os obxectivos xerais deste control son os seguintes:

- Execución do contrato:

- Comprobar que a execución do contrato reflicte correctamente a prestación realizada.
- Verificar que as modificacións do contrato realizadas axústanse á normativa de aplicación, tendo en conta se estaban previstas ou non nos pregos.
- Comprobar que as revisións de prezos se adecúan ás normas aplicables.
- Comprobar a aplicación, no seu caso, de penalidades por incumprimentos e indemnizacións por danos e prexuízos e a correcta tramitación dos reaxustes de anualidades realizados, no seu caso.

- Extinción, recepción e liquidación do contrato:

- Comprobar se a necesidade que motivou o contrato foi cuberta, as prórrogas, desviacións e incumprimentos.
- Verificar a adecuada recepción do investimento, servizos ou subministracións obxecto do contrato e a liquidación do contrato.
- A corrección da comprobación material do investimento.
- Analizar, no seu caso, as causas de resolución do contrato: por causa da Administración ou do contratista.

O control alcanzará aos contratos executados ou en execución nos anos 2023 e 2024, dependendo das dispoñibilidades de tempo e de persoal desta Intervención.

IV. METODOLOXÍA E NORMATIVA APLICABLE NO DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS

O artigo 29.4 do RCI dispón: “No exercicio do control financeiro serán de aplicación as normas de control financeiro e auditoría pública vixentes en cada momento para o sector público estatal”. E segundo o artigo 29.2 do RCI, ao obxecto do exercicio do control permanente “o órgano de control poderá aplicar técnicas de auditoría”.

Os traballos de control financeiro permanente realizaranse aplicando as actuacións que relaciona o artigo 32.1 do RCI. Aplicaranse, especialmente, as Normas de Auditoría do Sector Público (NASP) aprobadas por Resolución da IGAE do 14 de febreiro de 1997 e publicadas por Resolución do 1 de setembro de 1998 e a Instrución do 11 de xuño de 2002, da IGAE sobre 9 Organización dos papeis de traballo nas auditorías e actuacións de control financeiro. Á súa vez, a Resolución do 30 de xullo de 2015, da IGAE, pola que se ditan instrucións para o exercicio do control financeiro permanente.

O presente Plan executarase pola Intervención Xeral Municipal, cos seus propios medios, ou, se fose necesario, coa colaboración de persoas físicas ou xurídicas autorizadas para iso pola súa inscrición no Rexistro Oficial de Auditores de Contas do Instituto de Contabilidade e Auditoría de

Contas.

O Plan será de aplicación ás actuacións de control financeiro que realice directamente a Intervención Xeral Municipal. Nos supostos de contratacións externas, as auditorías e actuacións de control financeiro a desenvolver deberán axustarse ao presente Plan, xunto cos pregos de condicións xerais e particulares que sirvan de base para a súa contratación.

As actuacións de control financeiro previstas neste Plan poderán ampliarse a outros contidos para determinar, no seu caso, en función dos resultados obtidos na execución das actuacións programadas ou de calquera outra circunstancia que o aconselle. Os destinatarios e o alcance das novas actuacións determinaranse mediante a modificación do presente Plan Anual de Control Financeiro.

V. PLANIFICACIÓN, DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS E ASIGNACIÓN DE TAREFAS

V.1. Planificación e asignación de tarefas

Realizarase polo Interventor Xeral Municipal.

V.2. Calendario de auditoría

Os traballos desenvolveranse no tempo de forma que para fin de 2025 estean concluídos os informes definitivos, ou como moi tarde, a principios de 2026, a fin de elaborar e presentar o informe resumen a que se refire o artigo 37 do RCI, con ocasión da aprobación da conta xeral de 2025.

V.3. Papeis de traballo

Aplicaranse as NASP e a Instrución do 11 de xuño de 2002, da IGAE sobre Organización dos papeis de traballo nas auditorías e actuacións de control financeiro. O sistema de referencias seguirá o formato que se determine en ampliación a este programa en función de cada tipo de control, segundo as Áreas.

Formarase un arquivo completo e detallado do traballo efectuado e das conclusións alcanzadas no que se incluírán todos os papeis de traballo.

V.4. Común a todas as verificacións

Cando cumpra, efectuarase o recálculo, que consiste en comprobar a exactitude dos cálculos matemáticos incluídos nos documentos ou rexistros. Realizarase en folia de cálculo e unirase aos papeis de traballo.

VI. CONTIDO E PRESENTACIÓN DOS INFORMES DE CONTROL FINANCEIRO

En xeral, de acordo co artigo 35 do RCI o resultado das actuacións de control de cada un dos controis documentarase en informes escritos nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deben ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

A estrutura, contido e tramitación dos mencionados informes axustarase ao establecido nas normas técnicas de control financeiro e auditoría ditas pola IGAE. En particular, a Resolución do 30 de xullo de 2015, da IGAE, pola que se ditan instrucións para o exercicio do control financeiro permanente.

Os informes serán provisionais e definitivos, salvo o previsto para o control financeiro das bases reguladoras de subvencións e os plans estratéxicos de subvencións, nos que os informes serán únicos.

VII. EQUIPO DE AUDITORÍA

Os traballos encoméndanse, por razón da materia, á Intervención Xeral Municipal, que empregará os limitados medios humanos e técnicos cos que conta.

VIII. INFORMACIÓN AO PLENO

En aplicación do disposto no artigo 31.3 do RCI, o Plan Anual de Control Financeiro será remitido a efectos informativos ao Pleno.

O Interventor,

Asinado por: Julio Fontaiña Couso

Dáse conta do Plan de auditoría e actuacións de control financeiro de subvencións e axudas públicas para o ano 2025, elaborado pola Intervención Municipal, así como do informe relativo á fiscalización posterior por mostreo dos expedientes de gastos e ingresos e do Plan de actuación e asignación de tarefas - Intervención Municipal 2025.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260528&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Incorporase á sesión D. Juan Andrés Bayón Rolo.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CAMBIO DE FINALIDADE DE PRÉSTAMO 01/CF/2026 E MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/CE/2026 E SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/SC/2026 POR IMPORTE GLOBAL DE 942.423,66€.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de maio de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE PRESTAMOS 2024 E 2025.

Mediante Providencia da Concelleira delegada de Facenda de data 19 de maio, ordénase a incoación de expediente de Modificación orzamentaria coa finalidade de dotar crédito a determinados proxectos de gasto que non poden demorarse ata a aprobación do novo Orzamento municipal, por estar suxeitos a prazos de execución ou necesidades urxentes propostas pola cidadanía e os propios servizos municipais.

Dita Providencia deriva nos expedientes de modificación orzamentaria que a seguir se indican:

- Expediente Nº 01/SC/2026 de modificación de crédito por suplemento de crédito por importe de 150.000,00 € financiado con baixas de créditos existentes nos Anexos de Investimento dos exercicio 2024.
- Expediente Nº 01/CE/2026 de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de 542.423,66€ financiado con baixas de créditos existentes nos Anexos de Investimento do exercicio 2024.
- Expediente Nº 01/CF/2026 de cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de operacións de préstamos a longo prazo concertadas e ingresadas nos exercicios 2024 e 2025 afectas aos proxectos de gasto engadidos nos respectivos Anexos de investimento, , por un importe global de 942.423,66€. Estes expedientes afectan aos proxectos que a seguir se indican:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO DISPONIBLE	CAMBIO FINALIDADE	AXENTE FINANCIADOR
342	62200	2024-2- PREST-1	AMPLIACIÓN INSTALACIÓNS PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA	3.005.067,71	692.423,66	BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024)
1722	60900	2025-2- PREST-2	PRAIAS PREGUNTOIRO E BAMIO	250.000,00	250.000,00	ABANCA (PTMO ANEXO INVEST. 2025)
				3.255.067,71	942.423,66	

O que se pretende con estas modificacións é dotar os créditos necesarios para dar cobertura aos seguintes proxectos:

APLICACIÓN	PROX	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
------------	------	-------------	---------

1530	61900	2026 2 EDIL 4	HUMANIZACIÓN RÚA ADUANA E CRUZ	480.000,00 €
1722	60900	2025 2 PREST 2	PRAIAS VILAGARCÍA	250.000,00 €
1530	61900	2024 2 PREST 16	MELLORA ACCESIBILIDADE E REFORMA RÚA SAN ROQUE	150.000,00 €
334	63200	2026 2 PREST 1	RESTAURACIÓN AUDITORIO	62.423,66 €
				942.423,66 €

Polo tanto, trátase de gastos específicos e determinados para os que se precisa contar con consignación orzamentaria con carácter urxente, e para o que no orzamento prorrogado non existe crédito suficiente e axeitado, non sendo admisible esperar nin á aprobación definitiva do orzamento nin o próximo exercicio para a súa execución:

- “HUMANIZACIÓN RÚA ADUANA E CRUZ “: Na sesión Plenaria de 27/02/2025 aprobouse o Plan de Actuación Integrado (PAI) que vai ser financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período 2021-2027 nun 60% polo que o Concello debe achegar o restante 40% e no que se propoñía a Rehabilitación e Humanización de espazo urbano en Carril. Sendo necesario e inaplazable a execución do proxecto para poder cumprir os compromisos adquiridos e dar continuidade ao proxecto de Rehabilitación e Humanización xa iniciado.
- Proxecto 2024 2 PREST 16, “MELLORA ACCESIBILIDADE E REFORMA RÚA SAN ROQUE“, dotado no Anexo de Investimentos do exercicio 2024 cun orzamento de 300.000,00€, sendo necesaria unha maior dotación de crédito para dar cabida a todas as actuacións previstas no proxecto.
- Proxecto 2026 2 PREST 1, “RESTAURACIÓN AUDITORIO “ importe que se estima necesario para acometer reformas no Auditorio que permitan evitar os danos causados polas filtracións e a reparación dos danos existentes.
- Proxecto 2025 2 PREST 2, “PRAIAS DE VILAGARCÍA“, dotado no Anexo de Investimentos do exercicio 2025 cun orzamento de 250.000,00€, trátase dun cambio no destino dos fondos para poder ampliar a área de actuación e abarcar todos os areais municipais de cara á súa mellora sin que teña repercusión orzamentaria dado que o importe e a aplicación orzamentaria non van ser alterados, procedendo neste caso a unha modificación do Anexo de Investimentos de 2025 no que atinxe á denominación do proxecto.

Tendo en conta o sobrante existente no proxecto 2024-2-PREST-1 AMPLIACIÓN INSTALACIÓNS PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA, pola aparición de maior financiación derivada da Resolución do 16 de xaneiro de 2026 da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se concede a ao Concello de Vilagarcía de Arousa, como Organismo Intermedio Lixeiro (OIL), unha asignación de senda FEDER de 3.872.912,00Euros, equivalente a unha taxa de cofinanciamento do 60% do investimento proposto(6.454.853,00 Euros),debendo aportar o Concello a cuantía de 2.581.941,00 € no que se inclúe o proxecto indicado, estimándose un sobrante de financiamento de 2.005.067,70€, e que constitúe un recurso que pode financiar os aumentos que se propoñen por un importe de 692.423,66€ ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente, que existen exceso de financiamento nos proxectos indicados, esta Alcaldía, co obxecto de atender ao gasto anteriormente descrito propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente N° 01/CF/2026 de Cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de operacións de préstamo a longo prazo concertadas e ingresadas nos exercicios 2024 e 2025 afectas aos seguintes proxectos de gasto coa correspondente modificación dos anexos de investimentos:

APLICACIÓN ORZ.	PROXECTO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO DISPONIBLE	CAMBIO FINALIDADE	AXENTE FINANCIADOR
342	62200	2024-2-PREST-1 AMPLIACIÓN INSTALACIÓNS PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA	3.005.067,71	692.423,66	BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024)
1722	60900	2025-2-PREST-2 PRAIAS PREGUNTOIRO E BAMIO	250.000,00	250.000,00	ABANCA (PTMO ANEXO INVEST. 2025)
			3.255.067,71	942.423,66	

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente N° 01/SC/2026 de modificación de crédito

mediante suplemento de crédito financiado con baixa na aplicación 342-62200 procedente do sobranche no proxecto 2024-2-PREST-1 e por importe de 150.000,00 € para atender as seguintes actuacións:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE SUPLEMENTO	AXENTE FINANCIADOR	TOTAL FINANCIADO
1530	61900	2024-2-PREST-16	MELLORA ACCESIBILIDADE E REFORMA RÚA SAN ROQUE	150.000,00	BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024)	150.000,00
				150.000,00		150.000,00

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o expediente Nº 01/CE/2026 de modificación de crédito mediante crédito extraordinario, financiado con baixa na aplicación 342-62200 procedente do sobranche no proxecto 2024-2-PREST-1 e por importe de 542.423,66€ para atender as seguintes actuacións:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	AXENTE FINANCIADOR	TOTAL FINANCIADO
1530	6190019	2026-2-EDIL-4	REHABILITACIÓN E HUMANIZACIÓN DO ESPAZO URBANO EN CARRIL: ADUANA E CRUZ	480.000,00	BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024)	480.000,00
334	63200	2026-2-PREST-1	RESTAURACIÓN AUDITORIO	62.423,66	BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024)	62.423,66
				542.423,66		542.423,66

CUARTO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son a baixa de créditos de gastos da aplicación 342-62200 do orzamento vixente correspondentes ao Proxecto de gasto 2024-2-PREST-1 con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente das operacións de préstamo concertada e ingresada no exercicio 2024.

QUINTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación dos respectivos servizos, implicando a presente modificación o desestimento expreso para o proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas, porque se estima sobranche pola aparición de novos axentes financiadores

SEXTO: Modificar o Anexo de Inversións correspondente, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para os proxectos de gasto con financiamento afectado indicados.

SETIMO: Expoñer ao público os expedientes indicados, mediante anuncio no BOP por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Dada a urxencia que revisten todas as actuacións que pretenden acometerse coas modificacións propostas, farase uso da excepción prevista na base nº 10 das BEO de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

OITAVO: Unha vez aprobados definitivamente os expedientes sinalados, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Ademais, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de cambio de finalidade de préstamo 01/CF/2026 e modificación de crédito por crédito extraordinario 01/CE/2026 e suplemento de crédito 01/SC/2026 por importe global de 942.423,66€.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), BNG (1), unha abestención pertencente ao membro do grupo político municipal de EU (1) e nove votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (9).

Prodúcese un empate polo que se repite a votación co mesmo resultado decidindo o voto de calidade do Sr. Alcalde, e polo tanto,

ACORDASE:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente N° 01/CF/2026 de Cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de operacións de préstamo a longo prazo concertadas e ingresadas nos exercicios 2024 e 2025 afectas aos seguintes proxectos de gasto coa correspondente modificación dos anexos de investimentos:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO DISPONIBLE	CAMBIO FINALIDADE	AXENTE FINANCIADOR
342	62200	2024-2-PREST-1	AMPLIACIÓN INSTALACIÓNS PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA	3.005.067,71	692.423,66	BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024)
1722	60900	2025-2-PREST-2	PRAIAS PREGUNTOIRO E BAMIO	250.000,00	250.000,00	ABANCA (PTMO ANEXO INVEST. 2025)
				3.255.067,71	942.423,66	

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente N° 01/SC/2026 de modificación de crédito mediante suplemento de crédito financiado con baixa na aplicación 342-62200 procedente do sobranter no proxecto 2024-2-PREST-1 e por importe de 150.000,00 € para atender as seguintes actuacións:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE SUPLEMENTO	AXENTE FINANCIADOR	TOTAL FINANCIADO
1530	61900	2024-2-PREST-16	MELLORA ACCESIBILIDADE E REFORMA RÚA SAN ROQUE	150.000,00	BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024)	150.000,00
				150.000,00		150.000,00

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o expediente N° 01/CE/2026 de modificación de crédito mediante crédito extraordinario, financiado con baixa na aplicación 342-62200 procedente do sobranter no proxecto 2024-2-PREST-1 e por importe de 542.423,66€ para atender as seguintes actuacións:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	AXENTE FINANCIADOR	TOTAL FINANCIADO
1530	6190019	2026-2-EDIL-4	REHABILITACIÓN E HUMANIZACIÓN DO ESPAZO URBANO EN CARRIL: ADUANA E CRUZ	480.000,00	BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024)	480.000,00
334	63200	2026-2-PREST-1	RESTAURACIÓN AUDITORIO	62.423,66	BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024)	62.423,66
				542.423,66		542.423,66

